

Na sala de comisións “ Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, o día 4 de marzo de 2025, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Patricia García González

(Presidenta)

Paula Mouzo Mas

(Vicepresidenta)

Carmela González Iglesias

(Secretaria)

**Vogais:**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):**

María Deza Martínez

Jesús María Fernández Rosende

Miguel Fidalgo Iglesias

Julio García Comesaña

(en substitución de Raúl Santamaría González)

María Dolores Hermelo Piñeiro

María Magdalena Pérez Millares

Manuel Santos Costa

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**

Rosana Pérez Fernández

José Daniel Pérez López

Paulo Ríos Santomé

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):**

Julio Ernesto Abalde Alonso

Carlos López Font

**Preguntante:**

María Montserrat Prado Cores

**Comparecentes:**

Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

**Letrado:**

Juan Carlos Caride Puente

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrese no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

## **Punto 1. Comparecencia**

- 1.1           **18532 (12/CPC-000017)**  
**Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**  
**Da directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, por petición propia,**  
**para dar conta do balance das axudas e dos proxectos dos grupos de**  
**acción local do sector pesqueiro (GALP)**  
**Publicación da iniciativa, BOPG n.º 148f1, do 30.01.2025**

A Presidencia dálle a benvida á directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e, a seguir, concédelle a palabra por un tempo de 20 minutos. A **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña**, pasa a informar á Comisión do balance das axudas e dos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP).

Na rolda de grupos parlamentarios fan uso da palabra os deputados e a deputada: **Julio Ernesto Abalde Alonso (S), Rosana Pérez Fernández (BNG) e Miguel Fidalgo Iglesias (P)**, que formulan diferentes cuestións e consideracións sobre a información recibida.

A **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Marta Villaverde Acuña**, intervén de novo para contestar ás cuestións formuladas.

Na segunda rolda de grupos parlamentarios interveñen novamente os deputados e a deputada: **Julio Ernesto Abalde Alonso (S), Rosana Pérez Fernández (BNG) e Miguel Fidalgo Iglesias (P)**.

Finalmente a **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro**, pecha a comparecencia respondendo ás diferentes consideracións e agradecendo as achegas dos grupos parlamentarios.

*Remata a comparecencia ás 12.00 horas.*

**Punto 2. Preguntas**

**2.1 16224 (12/POC-002611)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos**

**Sobre a xestión dos encoros das bacías hidrográficas de competencia autonómica co fin de controlar o impacto do seu baleirado na salinidade das augas das rías e a consideración por parte da Xunta de Galicia da posibilidade de realizar estudos nesta materia, especialmente na ría de Arousa**

**Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140f2, do 16.01.2025**

A Presidencia concédelle a palabra ao señor **Abalde Alonso, Julio Ernesto (S)**, quen defende a iniciativa ampliando as argumentacións expostas por escrito e que xustifican a formulación das preguntas concretas que nela se inclúen.

Pasa a contestar a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, a **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar) Marta Villaverde Acuña**.

En rolda de réplica o señor **Abalde Alonso, Julio Ernesto (S)**, pon de manifesto a súa insatisfacción ante a resposta obtida e sobre a que expón novas consideracións.

A **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Marta Villaverde Acuña**, pecha o debate desta iniciativa ampliando a información solicitada polo señor deputado na súa anterior intervención.

*A Presidencia agradece a presenza e colaboración da señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse para atender outras obrigas.*

**2.2 19572 (12/POC-003284)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e Pérez Fernández, Rosana**

**Sobre a postura da Xunta de Galicia das actuacións solicitadas pola Organización Empresarial Parquistas de Carril no porto de Vilagarcía**

**Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156f3, do 12.02.2025**

A señora **Prado Cores, María Montserrat (BNG)**, expón as razóns que a levaron a formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente referido.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (Consellería do Mar), Patricia García Sánchez.**

En rolda de réplica a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG)**, non concorda coa información obtida sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa a **directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Patricia García Sánchez Fernández**, ampliando a información facilitada na súa anterior intervención.

A presidenta agradece aos deputados a súa asistencia e ao persoal da Cámara os servizos prestados e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:05 horas.

*(Achégaselle a esta acta como anexo a transcripción literal do punto 1º da orde do día).*

**V. e pr.**  
**Patricia García González**  
**Presidenta da Comisión**

**Carmela González Iglesias**  
**Secretaria da Comisión**